

O MARCO COMUNITARIO DE APOIO 2000-2006 E A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA NO NOVO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN DOS FONDOS ESTRUTURAIS DA UNIÓN EUROPEA

J. ANDRÉS FAÍÑA MEDÍN* / JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO*
FRANCISCO RAMOS MULERO*

* Cátedra Jean Monnet de Economía Industrial Europea
Universidade da Coruña

*Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios
Consellería de Economía e Facenda
Xunta de Galicia

Recibido: 3 outubro 2000

Aceptado: 10 outubro 2000

Resumo: Este traballo explica o contido do Marco de Apoio Comunitario das Rexións Obxectivo nº 1 de España 2000-2006 no que se integra Galicia, así como a Estratexia de Desenvolvemento Económico, concretada no Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) que a Xunta de Galicia desenvolverá no período 2000-2006 e que será cofinanciada con axudas dos Fondos Estructurais Comunitarios (FEDER, FSE, FEOGA-O, IFOP).

Esta estratexia ten como obxectivo impulsar o desenvolvemento socioeconómico de Galicia a través da potenciación da base productiva, do tecido empresarial e da competitividade do territorio.

Palabras clave: Marco de Apoio Comunitario (MAC) 2000-2006 / PEDEGA (Plan Extratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia) / Fondos Estructurais / FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) / FSE (Fondo Social Europeo) / FEOGA-O (Fondo Europeo de Garantía Agraria: Sección Orientación) / IFOP (Instrumento Financeiro Organización Pesca) / Rexión Obxectivo nº 1 / Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR) / INTERREG III.

THE COMMUNITY SUPPORT FRAMEWORK 2000-2006 AND THE ECONOMIC DEVELOPMENT STRATEGY FOR GALICIA IN THE NEW PERIOD OF PROGRAMMING THE EUROPEAN UNION STRUCTURAL FUNDS

Summary: This paper deals with the content of the Community Support Framework for Objective 1 Regions of Spain 2000-2006 where Galicia is included as well as the Economic Development Strategy, specified in the Strategic Plan of Economic Development of Galicia (PEDEGA) that will be developed by Xunta de Galicia in the period 2000-2006 and cofinanced with aids from the Structural Community Funds (ERDF, ESF, EAGGF, FIG).

This strategy aims at fostering the socio-economic development of Galicia through the promotion of the productive base, the business structure and the competitiveness of the territory.

Keywords: Community Support Framework (CSF) 2000-2006 / PEDEGA (Strategic Plan for the Economic Development of Galicia) / Structural Funds / ERDF (European Regional Development Fund) / ESF (European Social Fund) / EAGGF-Guidance Section (the Guidance Section of the European Agricultural Guidance and Guarantee Fund) / FIG (Financial Instrument for Fisheries Guidance) / Objective Region 1 / Regional Development Plan (RDP) / INTERREG III.

1. INTRODUCCIÓN: PLAN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, MARCO COMUNITARIO DE APOIO E POLÍTICA REXIONAL DA UNIÓN EUROPEA

No contexto das discusións relativas á “Axenda 2000” e ás perspectivas financeiras da Unión Europea (UE) para o vindeiro septenio 2000-2006, en marzo do pasado ano 1999 o Cumio de Berlín acadou uns acordos que despexaron o camiño para a distribución dos fondos estruturais e de cohesión e a instrumentación dos plans e programas para o novo período.

Consonte coas perspectivas financeiras aprobadas no devandito Cumio, a concentración dos fondos estruturais dedicados ás rexións do obxectivo 1 incrementábase dende o 68% do período 94-99 ata o 74,5% para o novo período 2000-06, de xeito que o volume de fondos para este obxectivo (rexións con atraso estrutural de desenvolvemento económico) pasaba dende 103.061 a 135.900 Mecus a prezos do 1999, polo que experimentaba un importante aumento do 13% en termos reais e de anualidade media (nótese que o novo período de programación é un ano máis longo).

Táboa 1.- Concentración dos fondos estruturais no obxectivo nº 1

| | PERÍODOS (millóns ecus 1999) | 89-93 | | 94-99 | | | 2000-2006 | |
|--------------------|---------------------------------|--------|-------------|---------|-------------|---------------|-----------|-------------|
| | | TOTAL | MEDIA ANUAL | TOTAL | MEDIA ANUAL | ANUALIDADE 99 | TOTAL | MEDIA ANUAL |
| Fondos estruturais | | 74.821 | 14.964 | 166.911 | 27.818 | 32.119 | 195.000 | 27.857 |
| Contía | | 48.046 | 9.609 | 103.061 | 17.177 | 19.818 | 135.900 | 19.414 |
| Obxectivos | % sobre obxectivos | 69,6% | | 68,0% | | | 74,5% | |
| | Total FE | 64,2% | | 61,7% | | | 69,7% | |
| | Fondo de cohesión | 1.746 | | 17.634 | 2.940 | 3.000 | 18.000 | |
| | Total UE 15 | 76.537 | 15.307 | 184.545 | 30.757 | 35.119 | 213.000 | 30.429 |
| | (Só 93) | | | | | | | |
| | Candidatos e novos EM | | | | | | 13.930 | 1.990 |

FONTE: *Informes Anuais Fondos Estructurais* (Comisión da UE) e *Conclusións do Consello Europeo de Berlín* (marzo 1999).

A distribución indicativa de recursos entre Estados membros establecida pola Comisión Europea reafirmou a España como o primeiro país receptor de fondos estruturais, concedéndolle en virtude deste obxectivo 37.744 Mecus valor 1999. Con isto, os recursos dedicados ás rexións españolas con menor grao de desenvolvemento económico veranse incrementados, en termos reais e na media anual, nun 13,9% con respecto ós percibidos no anterior período de programación 1994-1999.

A política rexional da Unión Europea e as formas de intervención ligadas ós distintos fondos comunitarios operan nun contexto de planificación e concertación entre as autoridades públicas dos Estados membros e a Comisión da UE.

A meirande parte das actuacións dos fondos (deixando á marxe as iniciativas e as accións innovadoras, que supoñen unha cantidade relativamente reducida de recursos) inscribíense nun modelo concertado de planificación do desenvolvemento económico rexional.

Polo que se refire ás áreas con atraso estrutural de desenvolvemento, as rexións obxectivo 1, aquelas que como Galicia non superan o 75% da media comunitaria do PIB *per cápita*, realizan unha avaliación da súa situación e un diagnóstico dos principais obstáculos e problemas que dificultan o seu desenvolvemento, presentando unha estratexia artellada para afrontalos e impulsa-lo crecemento.

O documento que recolle a síntese dos diagnósticos e estratexias de desenvolvemento rexional e os cadros e modalidades de apoio dos fondos estruturais coñécese como Marco de Apoio Comunitario (MAC) e resulta, como xa se ten dito, dun proceso de concertación entre a Comisión da UE, o Goberno central e mailas comunidades autónomas do obxectivo 1, que será finalmente aprobado e publicado por unha decisión da Comisión da UE.

O proceso iníciase, polo tanto, coa elaboración dun Plan de Desenvolvemento Rexional. Galicia, ó longo de 1998-99, elaborou o Plan e concertou gran parte das súas actuacións cos axentes económicos e sociais nos “Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego”. Dende a perspectiva da Comunidade Autónoma de Galicia, e como marco de referencia da actuación do sector público galego para o período 2000-06, elaborouse o “Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia” (PEDEGA), que foi sometido a dictame do CES como plan económico de carácter xeral e debatido como tal no Parlamento de Galicia ó longo dos pasados meses de setembro e outubro.

Este mesmo plan insírese, pola súa banda, como memoria rexional de Galicia no “Plan de desarrollo regional del objetivo 1 de España” (no sucesivo, PDR), para o que se artellou unha separata adicional (tamén incluída no PEDEGA, como separata ou tomo terceiro) na que se presentan as actuacións de desenvolvemento no esquema de eixes concertado entre o Goberno central e as CC.AA. Outras adaptacións de menor importancia foron o axuste de redacción e cadros financeiros para excluí-las actuacións en materia de vivenda e outros conceptos que non son cofinanciados polos fondos europeos. Esta versión do PEDEGA preparada como memoria de Galicia para o PDR de España foi informada positivamente para a súa tramitación perante a Unión Europea pola Mesa de Cooperación do CES de Galicia antes do verán do 1999.

2. CONTIDO E SIGNIFICACIÓN DO MCA

O Marco de Apoio Comunitario é un documento de especial importancia, xa que nel se formaliza o compromiso da Unión Europea con respecto ós recursos adxudicados a España.

Ó longo do novo período 2000-2006, as distintas administracións españolas con competencias a este respecto dispoñerán dun total de 40.887 millóns de euros (6,80 billóns de pesetas) de financiamento comunitario para os seus investimentos nas rexións obxectivo 1¹. Destas cantidades investiranse en Galicia contías moi importantes que se achegarán ó billón de pesetas ó final do período. A distribución indicativa inicial outórgalle á nosa comunidade 5.408 millóns de euros, o que representa un volume de 938.838 millóns de pesetas.

O MAC constitúe, así mesmo, como o seu nome indica, o cadro de referencia básico ó que deberá axustarse a programación de detalle (os Programas Operativos) para mobilización dos fondos comunitarios. En efecto, no Marco de Apoio Comunitario, entre outros aspectos, establécense:

- As prioridades estratéxicas ás que se deberán aplica-los fondos estruturais e a contía de cada fondo (FEDER, FSE, FEOGA-Orientación e IFOP) que se asignará a cada unha delas.
- A distribución dos recursos nos territorios das rexións beneficiarias do obxectivo nº 1 e as prioridades acordadas para o financiamento comunitario.
- A distribución dos recursos de financiamento comunitario que van xestionar cada unha das diferentes administracións con competencias nos territorios do obxectivo nº 1.
- Os procedementos de xestión, avaliación, seguimento, control, etcétera que se deberán aplicar a fin de garantir que o financiamento comunitario se utilice segundo o establecido e coa maior eficacia posible.

Segundo os acordos acadados coa Comisión, as prioridades estratéxicas ou liñas de gasto que van ser obxecto de cofinanciamento polos fondos estruturais europeos son as nove que se indican nas táboas 2 e 3. Estas resultaron de refundir os eixes relativos a turismo, patrimonio cultural e construción e equipamentos colectivos de benestar social, cos de apoio ó tecido productivo (apoiado ó sector turístico) e de desenvolvemento local e urbano, ademais doutras reasignacións nos eixes de agricultura e pesca nos que as axudas ás empresas, a comercialización e a transformación se integran no eixe 1 (apoiado ó tecido productivo).

As contías das axudas comunitarias que se inclúen nas devanditas táboas son plenamente compatibles cos investimentos previstos no plan e apoian a política de desenvolvemento rexional proposta polas administracións españolas, tanto no que se refire ás prioridades de gasto como ó soporte financeiro proporcionado por un volume de axuda que se achega ó 25,75% do investimento previsto (6,8 billóns de pesetas de axuda para unha previsión de 26,7 billóns de gasto).

¹ Estas cifras alcanzan os 41.193 millóns de euros (uns 6,85 billóns de pesetas) se se inclúe o réxime transitorio de Cantabria.

Táboa 2.- MCA OBX1 España: axuda prevista por eixes (en MPT a prezos correntes, imputando a reserva de eficacia)

| EIXE PRIORITARIO | | AXUDA COMUNITARIA | | | | |
|------------------|--|-------------------|-----------|-----------|---------|---------|
| | | TOTAL | FEDER | FSE | FEOGA-O | IFOP |
| CODIGO | DENOMINACION | 3=4 a 7 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 1 | Competitividade e tecido productivo | 852.815 | 574.035 | 80.710 | 159.980 | 38.090 |
| 2 | Sociedade do coñecemento (innovación, I+D, S. información) | 541.484 | 467.544 | 73.940 | 0 | 0 |
| 3 | Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos | 1.086.249 | 915.679 | 0 | 170.570 | 0 |
| 4 | Recursos humanos, emprego e igualdade de oportunidades | 1.270.881 | 141.820 | 1.129.043 | 0 | 0 |
| 5 | Desenvolvemento local e urbano | 704.15 | 479.627 | 224.527 | 0 | 0 |
| 6 | Redes de transporte e enerxía | 1.573.046 | 1.573.046 | 0 | 0 | 0 |
| 7 | Agricultura e desenvolvemento rural | 523.897 | 0 | 0 | 523.897 | 0 |
| 8 | Pesca e acuicultura | 215.031 | 0 | 0 | 0 | 215.031 |
| 9 | Asistencia técnica | 35.451 | 11.441 | 12.639 | 6.007 | 5.282 |
| Total | | 6.803.007 | 4.163.209 | 1.520.859 | 860.436 | 258.502 |

Táboa 3.- MCA OBX1 Galicia: axuda prevista por eixes (en MPT a prezos correntes, imputando a reserva de eficacia)

| EIXE PRIORITARIO | | AXUDA COMUNITARIA | | | | TOTAL |
|------------------|--|---------------------|---------|----------|--------------|---------|
| | | AXUDA REXIONALIZADA | | | PLURIREX AXE | |
| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | CC.AA. | AXE | SUBTOTAL | | |
| 1 | Competitividade e tecido productivo | 75.172 | 10.660 | 85.832 | 34.617 | 120.449 |
| 2 | Sociedade do coñecemento (innovación, I+D, S. información) | 21.545 | 694 | 22.239 | 42.829 | 65.068 |
| 3 | Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos | 49.791 | 50.207 | 99.998 | 2.812 | 102.811 |
| 4 | Recursos humanos, emprego e igualdade de oportunidades | 67.273 | 0 | 67.273 | 81.596 | 148.869 |
| 5 | Desenvolvemento local e urbano | 29.670 | 4.618 | 34.288 | 48.142 | 82.429 |
| 6 | Redes de transporte e enerxía | 73.280 | 172.879 | 246.159 | 0 | 246.159 |
| 7 | Agricultura e desenvolvemento rural | 46.041 | 37.465 | 83.505 | 0 | 83.505 |
| 8 | Pesca e acuicultura | 64.513 | 0 | 64.513 | 21.128 | 85.641 |
| 9 | Asistencia técnica | 2.378 | 0 | 2.378 | 1.528 | 3.906 |
| Total | | 429.663 | 276.523 | 706.186 | 232.652 | 938.838 |

Polo que respecta a Galicia, as axudas correspondentes á distribución indicativa para as administracións con competencias no territorio ascenden a un total de 0,938 billóns de pesetas, o que supón un 27% dos 3,46 billóns de pesetas de investimentos previstos. Destas cantidades, correspóndenlle á Administración Xeral do Estado (AXE) 276,5 mil millóns de pesetas que se incluírán en actuacións programadas en Galicia ás que cómpre engadila participación de Galicia en programas plurirrexionais que ascende a un importe de 232,6 mil millóns de pesetas.


Polo que se refire ás axudas correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia, o seu volume acada os 429,66 mil millóns de pesetas, de xeito que representan o 24% dos conceptos de gasto da Administración autonómica no marco do PDR, 1.783.896 millóns de pesetas. O volume de gasto estratéxico vinculado ó Plan de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA) prevé gastos adicionais de capital por valor de 164.167 millóns de pesetas para o conxunto do período, gastos

que non se recollen na táboa do PDR polo seu carácter non subvencionable polos fondos europeos (trátase das cantidades correspondentes á vivenda e á porción non elixible de cultura). Os compromisos de financiamento comunitario recollidos no novo Marco de Apoio Comunitario proporcionan un importante apoio e credibilidade ás previsións de investimentos do PEDEGA para o período 2000-2006, previsións de investimentos da Administración autonómica e empresas públicas galegas que se achegan ós dous billóns (1,948) de pesetas para o septenio.

Táboa 4.- Gasto estratéxico previsto no PEDEGA e axuda rexionalizada no MCA Galicia

| ÁMBITOS E OBXECTIVOS DO PEDEGA | GASTO ESTRATÉXICO PEDEGA | | | AXUDA COMUNITARIA | | | | | |
|--|------------------------------|--------|--------------------|--|--------|-----------|--------|-----------|--------|
| | MILLÓNS DE PESETAS CORRENTES | | | MILLÓNS DE PESETAS CORRENTES IMPUTANDO A RESERVA DE EFICACIA | | | | | |
| | Mpts | % | Cobertura axuda UE | XUNTA | | AXE | | TOTAL | |
| | | | | Mpts | % | Mpts | % | Mpts | % |
| 1. <i>Potencia-la competitividade do tecido productivo</i> | 555.667 | 28,52 | 33,33 | 185.181,6 | 43,10 | 49.818,6 | 17,65 | 234.000,2 | 33,14 |
| 2. <i>Potencia-la calidade e competitividade do territorio</i> | 627.220 | 32,20 | 25,34 | 158.939,9 | 36,99 | 227.704,4 | 82,35 | 386.644,2 | 54,75 |
| 2A. Mellora-la accesibilidade do territorio | 336.247 | 17,26 | 23,64 | 79.479,4 | 18,50 | 172.878,9 | 62,52 | 252.358,4 | 35,74 |
| 2B. Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento | 130.458 | 6,70 | 22,74 | 29.669,6 | 6,91 | 4.618,0 | 1,67 | 34.287,6 | 4,86 |
| 2C. Valoriza-lo medio ambiente | 160.516 | 8,24 | 31,02 | 49.790,8 | 11,59 | 50.207,5 | 18,16 | 99.998,3 | 14,16 |
| 3. <i>Potencia-lo capital humano</i> | 763.769 | 39,21 | 10,89 | 83.162,8 | 19,36 | 0,0 | 0,00 | 83.162,8 | 11,78 |
| 4. <i>Aumenta-la eficiencia do marco operativo</i> | 1.408 | 0,07 | NS | 2.378,4 | 0,55 | 0,0 | 0,00 | 2.378,4 | 0,34 |
| Total PEDEGA | 1.948.064 | 100,00 | 22,06 | 429.662,7 | 100,00 | 276.523,0 | 100,00 | 706.185,7 | 100,00 |

Gráfica 1.- Gasto estratéxico do PEDEGA e axuda rexionalizada no MCA de Galicia



3. O MCA E A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALICIA

Para o conxunto das rexións obxectivo nº 1, pódese apreciar na táboa 2 que as prioridades establecidas e as asignacións de axuda comunitaria destínanse na súa meirande parte á potenciación dos factores básicos que permitirán eleva-lo nivel de competitividade das rexións menos desenvolvidas para favorece-lo seu crecemento económico. Así, as actuacións orientadas á mellora da competitividade do tecido productivo, o pulo ó desenvolvemento tecnolóxico e a implantación da sociedade da información, o desenvolvemento do capital humano e a mellora das infraestruturas de transporte e comunicacións concentran case o 68% dos recursos comunitarios. Aínda que tamén cómpre destaca-lo importante volume de fondos estruturais (máis de 1 billón de pesetas) que se aplicarán á mellora do medio ambiente, o contorno natural e os recursos hídricos.

Para Galicia, a táboa 4 pon de manifesto a cobertura da nosa estratexia de crecemento económico polo Marco de Apoio Comunitario, na que se fai tamén unha presentación resumida desta.

Os grandes fins da estratexia de desenvolvemento de Galicia para o novo período 2000-2006 céntranse non só no obxectivo da converxencia e a elevación do nivel de renda e produción por persoa, senón tamén en aumenta-lo emprego de calidade, un obxectivo estreitamente conectado co de fomenta-lo *desenvolvemento sostido da base económico/productiva*. As grandes liñas da estratexia de desenvolvemento despréganse sobre os catro grandes ámbitos relativos ó fomento da base productiva e empresarial, a competitividade do territorio e os recursos humanos, orientándose a supera-los principais problemas da economía galega e a impulsa-las súas fortalezas e potencialidades co obxecto de afronta-los novos desafíos da competencia nunha economía globalizada, as novas tendencias comerciais e os cambios institucionais no novo contexto da unificación monetaria europea e maila ampliación ó leste.

Ó longo do proceso de negociación do MAC, a estratexia de desenvolvemento de Galicia, formulada no PEDEGA e no PDR, recibiu a aprobación e unha excelente acollida por parte da Comisión.

Dadas as limitacións de extensión do documento do MAC recóllese de forma sintética a formulación da estratexia de desenvolvemento de Galicia, concertada coa Comisión e coa Administración central. Expóñense a continuación a súa síntese, con referencia ós obxectivos e prioridades en cada un dos seus grandes ámbitos de actuación.

◆ *No ámbito da base productiva e o tecido empresarial da economía galega perséguese dous grandes obxectivos finais:*

1) *Potencia-los factores básicos de competitividade do tecido productivo*. Este obxectivo final integra un conxunto de programas de orientación horizontal in-

cluídos no Eixe 1 e a súa finalidade esencial consiste en facilita-la aparición de iniciativas privadas de investimento de carácter anticipativo, en especial nas PEMES (habilidades directivas, planificación estratéxica, orientación cara á calidade e ó asentamento diferenciado nos mercados, hábitos de proxección exterior, etcétera), así como iniciativas para promover un contorno favorecedor do dito investimento privado (acceso a fontes de financiamento e dispoñibilidade dunha oferta axeitada de servicios productivos avanzados). Polo tanto, a orientación estratéxica deste obxectivo final céntrase nos seguintes referentes: promover actitudes empresariais estratéxicas e competitivas, imaxe de calidade diferenciada (normalización de produtos/marcas de orixe acreditados), proxección exterior, incremento da capacidade de exportación de bens e servicios de Galicia, así como os moi importantes de impulsa-la atracción de investimentos e os incentivos para a súa localización.

- 2) *Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia*. As claves estratéxicas deste obxectivo oriéntanse cara á configuración e desenvolvemento de *redes productivas integradas* de carácter plurisectorial que dean lugar a conglomerados de actividades articulados funcional e territorialmente e á *renovación e/ou diversificación*: modernización de produtos, procesos e canles comerciais nas actividades nas que Galicia conta coas vantaxes competitivas derivadas do saber facer, xunto coa potenciación de *novos complexos* que contan xa cun relativo desenvolvemento e asentamento. As actuacións deste obxectivo – xunto ás do anterior– inclúense no Eixe 1 e complétanse coas actuacións específicas en materia de turismo (Eixe 5) e de estruturas agrarias (Eixe 7), silvícolas (Eixes 7 e 3) e pesqueiras (Eixe 8), que se describen a continuación.

En canto ós *complexos de actividades* máis relevantes de Galicia:

- *Agro-gandeiro e silvicultura/explotación forestal/madeira*. Ámbolos dous están ligados ós recursos naturais de base territorial e ocupan unha *posición central* dentro da economía de Galicia tanto polo seu elevado peso relativo na produción e o emprego como pola súa proxección exportadora e polos seus efectos de arrastre e encadeamentos co conxunto do sistema productivo. O cambio estrutural do complexo agro-gandeiro debe proseguir co incremento de produtividade dentro dos escenarios da Política Agraria Comunitaria (PAC), pero debe asegurar unha transición ordenada e unhas orientacións productivas alternativas ou complementarias ó actual modelo, na liña dunha relativa diversificación deste. Xunto coas actuacións en materia forestal, medio ambiente e desenvolvemento rural, deberían reduci-la pendente de caída da poboación activa agraria.
- *Mar/industria* (pesca/marisqueo/acuicultura/industria conserveira e afíns). Este conxunto de actividades, ademais dos servicios de carácter loxístico de distribución dos diversos produtos do mar, conforman un *complexo* claramente *aberto* e

con forte *proxección exportadora* e importadora. O sector pesqueiro de Galicia ocupa unha posición de primeiro rango dentro de España e da Unión Europea e o seu peso relativo queda reforzado polos *efectos de arrastre* e encadeamentos co conxunto da economía. A *conservación* e aproveitamento axeitado dos recursos, a elevada *dependencia exterior* da flota de altura e a crecente *transnacionalización* das actividades configuran un escenario orientado cara á renovación, xunto coa mellora da calidade das producións, a diversificación das presentacións e o emprego de especies pouco coñecidas, co obxectivo de incorporar un maior valor engadido ó resultado final do proceso.

- *Agrupamentos (“clusters”) industriais prioritarios* (pedra natural-pizarra, construción naval, automoción, confección/téxtil, telecomunicacións-audiovisual). Actividades que constitúen sectores dinámicos e/ou de futuro, con potencial de exportación e que se basean no aproveitamento dalgúns recursos endóxenos de Galicia, xa sexa pola súa vinculación á dotación específica de recursos naturais ou pola súa implantación e tradición industrial.
- *Turismo selectivo*. Dentro dos segmentos da actividade turística considérase que a opción estratéxica máis axeitada radica na promoción dos segmentos de carácter diferenciado máis axustados ás singularidades de Galicia, onde poden atoparse vantaxes competitivas específicas.

◆ *No ámbito da competitividade do territorio destacan tres obxectivos:*

- 1) *Potencia-la accesibilidade do territorio*. Un dos puntos fortes das accións de desenvolvemento impulsadas nos últimos anos estivo marcado pola mellora das infraestructuras de transportes dirixida a asegura-la accesibilidade externa do territorio de Galicia (eixes principais das autovías do Atlántico e conexión coa meseta). En función dos esforzos xa realizados e dos estrangulamentos e restriccións por resolver, as prioridades readáptanse centrándose no ferrocarril, na rede viaria e nos portos e as súas conexións. O Eixe 6 concentra estas actuacións esenciais para o desenvolvemento de Galicia.

En canto á rede viaria, os obxectivos seleccionados son a culminación dos eixes da rede de autovías e vías de alta capacidade e, no referente á mellora da rede primaria e secundaria de estradas de Galicia, perséguese os obxectivos de asenta-la accesibilidade exterior (conexións coa meseta, norte de Portugal e a autovía Transcantábrica), logra-la estruturación das áreas urbanas e metropolitanas de Galicia e o seu enlace coas áreas productivas e co interior, así como a mellora das conexións portos/redes de transporte terrestre co obxectivo de integra-la rede intermodal de transportes e potencia-la configuración de nós e centros de servizos loxísticos.

No referente ó ferrocarril, o punto focal é a súa modernización e estruturación para convertelo nun medio de transporte alternativo e complementario cos res-

tantes, especialmente a estrada, para integra-lo sistema multimodal de transporte en Galicia. Ademais das necesarias actuacións da mellora dos servicios para aumenta-la seguridade e a súa calidade, e para fomenta-lo desconxestionamento do tráfico urbano e maila potenciación do transporte colectivo e do transporte intermodal (portos, intercambiadores), os obxectivos fundamentais do ferrocarril en Galicia son a redución dos tempos e a conexión coas redes españolas e europeas. En particular as seguintes: 1) o acceso na alta velocidade á meseta para conectar cos eixes ferroviarios de alta velocidade nacionais e europeos, 2) o eixe atlántico Ferrol-Vigo-fronteira portuguesa, con velocidades comerciais non inferiores a 180 km/h para liga-la dorsal galega e conectala con Portugal, de acordo co proxecto prioritario 8º de redes transeuropeas de transporte (corredor multimodal España-Portugal, Consello Europeo de Cardiff, 1998), e 3) artellamento da rede ferroviaria de Galicia, con melloras de trazado e equipamento (Monforte-Ourense e Monforte-A Coruña) e especialmente preparación do tramo Santiago-Ourense para velocidades comerciais de 200 km/h.

A estratexia en materia de accesibilidade territorial complétase con outras actuacións de accesibilidade enerxética no campo do gas (unha fonte de subministración que garanta o acceso ó recurso en condicións competitivas) e das enerxías renovables. Esta estratexia complementábase con outras accións incluídas no Eixe 2, como son o avance no desenvolvemento das telecomunicacións, que facilite a incorporación de Galicia á “sociedade da información” mediante programas de investimento nas infraestructuras de soporte e a promoción do uso e o desenvolvemento de aplicacións das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

- 2) *Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento.* O referente estratéxico é aproveita-las capacidades competitivas do conxunto do territorio rexional e da súa conexión e integración cos espazos veciños, que posúe unha dobre dimensión, interior e exterior. Na súa dimensión intrarrexional, as actuacións incluídas no Eixe 5 oriéntanse de cara a compatibiliza-las tendencias de concentración da dorsal atlántica e dos núcleos dinámicos do interior co equilibrio do conxunto do territorio.

Na súa dimensión exterior, as liñas máis importantes son as actuacións de ordenación do territorio coas rexións da cornixa cantábrica e coas restantes do espazo do Arco Atlántico no contexto de Interreg III B (1) e as actuacións coa Rexión Norte de Portugal na liña transfronteiriza de Interreg III A (2).

Reviste unha importancia estratéxica fundamental o afondamento na integración do espazo económico Galicia-Norte de Portugal, que permitirá duplica-lo tamaño da área do mercado rexional, mellora-la rendibilidade social de equipamentos colectivos susceptibles de uso común, proxectar cara ó exterior unha imaxe de marca reforzada de indubidable interese ante a implantación do euro, reforza-las canles de comercialización exterior das empresas de ámbolos dous

espacios, proporcionar maiores garantías para a aparición de servizos avanzados ou cooperar no ámbito educativo, científico e social.

- 3) *Protexer e mellora-lo medio ambiente*. Este obxectivo final considérase tamén como unha dimensión positiva do modelo de desenvolvemento socioeconómico de Galicia, que debe estar guiado por principios de calidade e sostibilidade de crecemento no tempo. Realízase un esforzo en supera-la visión conservacionista e tratan de aproveita-las oportunidades abertas polas actividades máis ou menos directamente ligadas ó medio natural e ó aproveitamento eficiente dos recursos naturais.

En consecuencia, este obxectivo tradúcese nunha carteira ampla de accións específicas incluídas no Eixe 3 (información ambiental, conservación do patrimonio ambiental, tratamento dos residuos, programas de actuación en torno ó ciclo da auga, etcétera, pero o seu alcance maniféstase tamén no deseño das accións recollidas noutros eixes de actuación nas que se subliña de maneira explícita a súa contribución posible á mellora das condicións ambientais: a formulación das accións de desenvolvemento agro-gandeiro e forestal (Eixe 7), as actuacións no medio mariño (Eixe 8) ou diversas accións formativas (Eixe 4) constitúen algúns exemplos significativos da incorporación da dimensión ambiental á estratexia de desenvolvemento de Galicia.

◆ *Recursos humanos*. No ámbito dos recursos humanos, o obxectivo final sobre o que se centra a solicitude de apoio comunitario é o de aumenta-las dotacións rexionais de recursos do coñecemento e potencia-la capacidade de emprego. Este obxectivo comprende dous grandes eidos: a conexión entre o sistema científico e educativo e a vida empresarial e profesional, e o das políticas activas de emprego. O primeiro, comprendido no Eixe 2, aborda a noción do capital inmaterial e os recursos do coñecemento como un activo complexo. Apóstase polas tecnoloxías da información no sistema máis amplo de *formación/ciencia-tecnoloxía/empresa* co fin de fomentar unha maior vinculación co sistema empresarial e a base productiva. O segundo, as actuacións do cal se inclúen no Eixe 4, refírese á adecuación dos sistemas formativos ás necesidades específicas do sistema productivo e ás políticas activas de emprego, con especial atención ás mulleres. As actuacións estruturais sobre o mercado de traballo, políticas activas de emprego, recibiron un pulo importante coa estratexia europea de emprego, tralo Cumio de Luxemburgo, e acadan unha importante participación neste eixe, en consonancia cos “Acordos sobre medidas para o crecemento e emprego” e mailas previsións do PEDEGA.

4. DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO COMUNITARIO

As medidas e actuacións da política de desenvolvemento económico distribúense entre as distintas administracións de acordo coas súas competencias respectivas. As Administracións autonómicas van xestionar directamente unha parte

moi considerable dos fondos comunitarios aplicándoos ó cofinanciamento dos seus propios investimentos e gastos nas prioridades devanditas. Para cofinancia-las actuacións que se van realizar nos seus ámbitos de competencia, disporán dun total de 14.091 millóns de euros (un 37,3% do total dos fondos estruturais de España). Esa porcentaxe é superior á que lles correspondeu no Marco de Apoio Comunitario 1994-1999 (un 35,4%), polo que, tendo en conta que España vai incrementar os seus recursos totais, tódalas Administracións autonómicas verán substancialmente aumentados, en relación co período 1994-1999, os recursos comunitarios que van xestionar, aínda que por razón da propia estrutura de competencias a Administración central mantén a súa participación no FEDER. No seu conxunto, en termos reais e media anual, entre os anos 2000 e 2006 as comunidades autónomas van dispoñer dun 22,2% de recursos máis ca no período anterior, porcentaxe esta que será superior ó 28% no caso de Galicia.

A distribución das axudas comunitarias entre os distintos territorios, tanto das axudas totais como das rexionalizadas, preséntanse nas respectivas táboas 5 e 6 nas que se ofrecen tamén as porcentaxes de participación e as contías de axuda media por habitante. Pódese comprobar que Galicia acada no novo Marco 2000--2006 unha boa posición relativa. Non só é a segunda comunidade con maior volume de axudas senón que se sitúa ademais, xunto con Asturias e Castela-León, nas máis altas porcentaxes de axuda rexionalizada (o 75%), acadando unha participación relativa do 13,80% nas axudas totais e do 14,34% nas axudas rexionalizadas.

Táboa 5.- Distribución rexional da axuda prevista no MCA obxectivo 1 de España 2000--2006

| COMUNIDADES AUTÓNOMAS DE OBXECTIVO 1 | AXUDA PREVISTA (con imputación reserva eficacia) | | | |
|--|---|--------|------------------|-----------------|
| | VOLUME TOTAL | | AXUDA/HBTE. | |
| | Mpts 00-06 | % | ptas. 2000-06 | Dif. a media |
| Andalucía | 2.074.934 | 30,50 | 286.733 | -2,16 |
| Asturias | 319.747 | 4,70 | 295.561 | 0,85 |
| Canarias | 476.197 | 7,00 | 292.142 | -0,31 |
| Castela-León | 816.311 | 12,00 | 328.548 | 12,11 |
| Castela-A Mancha | 544.328 | 8,00 | 317.179 | 8,23 |
| Com. Valenciana | 761.879 | 11,20 | 189.360 | -35,39 |
| Estremadura | 537.479 | 7,90 | 502.589 | 71,50 |
| Galicia | 938.875 | 13,80 | 344.599 | 17,59 |
| Murcia | 292.531 | 4,30 | 262.344 | -10,48 |
| Ceuta e Melilla | 40.734 | 0,60 | 308.069 | 5,12 |
| Total | 6.803.015 | 100,00 | 293.060 | 0,00 |

Galicia sitúase por riba da media nos volumes de axuda comunitaria por persoa. A axuda media por persoa para o conxunto das rexións do Obxectivo 1 será de 293 mil pesetas/habitante, cifra que se incrementa en Galicia ata 344 mil pesetas/habitante, un 17,5% por riba da media. No que se refire á compoñente da axuda comunitaria rexionalizada, Galicia mellora notablemente a súa participación relativa de xeito que, fronte a unha axuda media de 212 mil pesetas/persoa, os progra-

mas rexionais de Galicia acadarán as 259 mil pesetas/persoas, un 22,20% por riba da media.

Táboa 6.- Distribución rexional da axuda prevista no MCA obxectivo 1 de España 2000--2006


| COMUNIDADES AUTÓNOMAS DE OBXECTIVO 1 | AXUDA REXIONALIZADA (CON IMPUTACIÓN RESERVA EFICACIA) | | | | |
|--------------------------------------|---|--------|--------------------------|--------------|-----------------|
| | VOLUME TOTAL | | AXUDA REXIONALIZADA/HBTE | | % REXIONALIZADA |
| | Mpts 2000-6 | % | Ptas./Hbte. | DIF. A MEDIA | |
| Andalucía | 1.455.895 | 29,57 | 201.189 | -5,14 | 70,17 |
| Asturias | 245.951 | 5,00 | 227.346 | 7,19 | 76,92 |
| Canarias | 351.383 | 7,14 | 215.570 | 1,64 | 73,79 |
| Castela-León | 617.576 | 12,54 | 248.561 | 17,20 | 75,65 |
| Castela-A Mancha | 400.618 | 8,14 | 233.440 | 10,07 | 73,60 |
| Com. Valenciana | 512.543 | 10,41 | 127.389 | -39,94 | 67,27 |
| Estremadura | 395.236 | 8,03 | 369.580 | 74,25 | 73,54 |
| Galicia | 706.151 | 14,34 | 259.181 | 22,20 | 75,21 |
| Murcia | 214.580 | 4,36 | 192.436 | -9,27 | 73,35 |
| Ceuta e Melilla | 23.524 | 0,48 | 177.908 | -16,12 | 57,75 |
| Total | 4.923.456 | 100,00 | 212.092 | 0,00 | 72,37 |

A gráfica de distribución rexional das axudas representa en ámbolos dous eixes coordenados as diferencias na media das contías de axuda total e rexionalizada por persoa, ó tempo que o tamaño das burbullas é proporcional ó volume total de axuda rexionalizada nos distintos territorios autonómicos do Obxectivo 1. A imaxe plástica amosa claramente a boa situación relativa de Galicia, só superada por Estremadura.

Para os efectos de realizar unha comparación da posición de Galicia no novo Marco 2000-2006 con respecto ó anterior 1994-99, preséntase na táboa 7 a distribución do financiamento comunitario por formas de intervención (programas operativos rexionalizados e plurirrexionais), administracións xestoras e fondos. Os valores preséntanse en Mecus94 e en Meuros de valor 1999, de xeito que as comparacións reflicten mellor o incremento da capacidade adquisitiva das axudas comunitarias en ámbolos dous períodos de programación.

En primeiro lugar, polo que se refire á participación de Galicia nas axudas comunitarias, pódese apreciar un incremento de 37 centésimas na participación total, cun incremento do 26,41% en termos de anualidade media. Este incremento distribúese favorablemente cara ás formas de intervención rexionalizadas (actuacións da Xunta e da Administración central programadas en Galicia), onde a participación da Xunta se incrementa en 0,65 puntos porcentuais, ó tempo que o financiamento comunitario programado en Galicia pola Administración central se eleva tamén preto dun punto porcentual (0,95%), dando como resultado un incremento de participación dun 1,61% nas axudas rexionalizadas.

Gráfica 2.- Distribución rexional axuda comunitaria MAC OBX. 1 2000-2006



O tamaño das burbullas é proporcional ó volume da axuda rexionalizada.

FONTE: Comisión da UE (2000): *Marco comunitario de apoio del objetivo nº 1 de España.*

Táboa 7.- Comparación dos MAC de Galicia. Distribución da axuda comunitaria por formas de intervención, administracións e fondos

| PROGRAMAS OPERATIVOS | MAC 94-99 | | | MAC 2000-06* | | | COMPARACIÓN | | |
|---------------------------------------|-----------|--------|--------|--------------|--------|--------|---------------|---------------------------|-------------------|
| | Mecus 94 | % | % | Meuros 99 | % | % | INCRTO. VALOR | INCRTO. VALOR MEDIO ANUAL | INCRTO. PARTICIP. |
| <i>PO de Galicia e IFOP</i> | 1.489 | 42,15 | 5,66 | 2.383 | 45,75 | 6,31 | 60,05 | 37,19 | 0,65 |
| Comunidade Autónoma | 819 | 23,18 | 3,11 | 1.534 | 29,45 | 4,06 | 87,38 | 60,61 | 0,95 |
| Admón. Central Estado | 2.308 | 65,34 | 8,77 | 3.918 | 75,21 | 10,38 | 69,78 | 45,42 | 1,61 |
| <i>Total PO Galicia e IFOP</i> | 1.224 | 34,66 | 4,66 | 1.291 | 24,78 | 3,42 | 5,43 | -9,63 | -1,24 |
| <i>Plurirrexionais Admón. Central</i> | 3.532 | 100,00 | 13,43 | 5.209 | 100,00 | 13,80 | 47,48 | 26,41 | 0,37 |
| <i>Total Galicia</i> | 26.300 | | 100,00 | 37.704 | | 100,00 | 43,51 | 23,01 | |
| <i>Total España</i> | | | | | | | | | |

* Valor real Meuros 99 sen deduci-la reserva de eficacia.

Estes incrementos de participación tradúcense en importantes incrementos das contías dos fondos estruturais que se programarán en Galicia pola Xunta e pola Administración central. O incremento en termos de anualidade media (lémbrese que o novo período ten un ano máis có anterior) é dun 45,5%, comparando as contías de programación inicial en ecus de 1994 e en euros de 1999, o que representa un aumento en valor real superior ó 36%.

BIBLIOGRAFÍA

COMISIÓN DA UE (1998, 1999): *Informes Anuais Fondos Estructurais, IX e X.*

COMISIÓN DA UE (2000): *Marco Comunitario de Apoio do Obxectivo 1 de España.* (Mimeo).

CONSELLO EUROPEO DE BERLÍN (1999): *Conclusións.*

XUNTA DE GALICIA (2000): *Plan Estratégico de Desenvolvemento Económico de Galicia (PEDEGA).* Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda, Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios.